

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
CIFP DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Modelo MD.71.PLA.XX CREACIÓN PROPIA CIFP AXQ

Plan de Convivencia do CIFP A Xunqueira

Aprobado na sesión do Consello Social de 12/02/2016

2016-2020

Revisión: Novembro 2017. Aprobado na sesión do Consello Social de 22-12-17

Índice

Capítulo I. DISPOSICIÓN XERAIS	3
1. Marco normativo	3
2. Ámbito de aplicación:	3
3. Axentes responsables:	3
3.1 Consello Social	4
3.2 Claustro	4
3.3 Comisión de Convivencia.....	4
3.4 Equipo Directivo	6
3.5 Órganos de coordinación docente	6
3.6 Coordinación do Centro con familias e institucións.	6
Capítulo II. Parte Dispositiva	6
4. Análise da Situación	6
4.1 Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia:	6
4.2 Análise da situación.....	6
- Contorno socio-económico:.....	6
- Características do Centro.....	7
- Aspectos organizativos e curriculares:.....	7
- Participación e relacións da comunidade educativa	8
- Conflitividade	8
- Efectividade das actuacións desenvolvidas.....	10
5. Obxectivos Específicos e Actuacións programadas para o seu desenvolvemento 11	
5.1 Obxectivos Específicos	11
5.2 Actuacións, Medidas ou Programas	12
- ACTUACIÓNS:.....	12
- MEDIDAS OU PROGRAMAS:	14
6. Protocolo ante o Acoso Escolar	14
6.1 Prevención.....	15
6.2 Detección.....	16
6.3 Tratamento	16
7. Normas de Convivencia	18
7.1 Normas de convivencia do Centro	18
7.2 Condutas contrarias á convivencia.	20
7.3 Protocolo de actuación ante faltas de conduta.	24
7.4 Procedemento de Corrección.....	26
- Procedemento Común	26

- Procedemento Conciliado	27
8. Difusión do Plan	29
9. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.	29
9.1 Seguimento e avaliación	29
9.2 Propostas de Mellora.....	29

Capítulo I. DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Marco normativo

En cumprimento do disposto en:

- Lei 4/11, 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOGA 15/06/2011)
- Decreto 8/15, 8 xaneiro, que desenvolve a Lei anterior. (DOGA 27/01/15)
- Actualización á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto no artigo 10.1 da Lei 4/11 e no artigo 11.2 do Decreto 8/15, o Proxecto Educativo de cada centro docente incluíra un Plan de Convivencia. Aínda que a Lei e o Decreto son posteriores ao ROC que regula os CIEFP non está adaptada a estes, así onde pon "Proxecto Educativo" debemos entender que o Plan de Convivencia estará incluído no "Proxecto Funcional" dos CIEFP, e, en consecuencia, deberá ser aprobado polo Consello Social.

2. Ámbito de aplicación

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa: PAS, alumnado e nais/pais/titores-as legais dos menores, no seu caso.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

3. Axentes responsables

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar e teñen que participar na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan e nas normas de convivencia, e velar pola aplicación do mesmo.

Ademais das funcións do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, recollidas no art. 10 do Decreto 8/15, dentro do CIEFP, interveñen na elaboración do Plan e das normas de convivencia os seguintes órganos:

3.1 Consello Social

Funcións:

- **Elixir** ás persoas representantes da **comisión de convivencia** de acordo ao establecido no artigo 8.2 do Decreto 8/15.
- Establecer **directrices** para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o **seguimento e a avaliación** do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- **Propoñer actuacións** en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- **Aprobar** o Plan de Convivencia e as modificacións do mesmo, xa que está incluído dentro do Proxecto Funcional.

3.2 Claustro

Funcións:

- Realizar **propostas** para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Neste sentido o borrador do Plan de Convivencia será presentado ao Claustro para consensuar os aspectos elaborados e propoñer o modelo a presentar ao Consello Social.

- Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propoñer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

3.3 Comisión de Convivencia

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e exerce as súas funcións por delegación do Consello Social do Centro, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do noso centro.

• Composición

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

Será presidida pola persona titular da dirección do centro e un dos seus integrantes actuará como secretaria o secretario, e levantará acta das súas reunións

A súa composición ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015 de Convivencia e, no noso Centro, dadas as súas características, ten o seguinte organigrama onde non forman parte da mesma nin representantes do alumnado, familias, nin PAS:

Composición:

- Vicedirectora, que a presidirá.
- Xefe Área de Formación
- Xefa DIOP
- 1 Representante de cada familia profesional
- 1 Representante de FOL

É aconsellable que un dos representantes das familias profesionais impartan clases na FPBásica.

• Funcións

Desenvolve as seguintes funcións por delegación do Consello Social:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

• Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia: constitución, calendario de reunións

Terá, polo menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Levantarase acta das súas reunións.

3.4 Equipo Directivo

Funci3ns (artigo 8 do Decreto 8/2015):

- **Impulsar** as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realizaci3n de estas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condici3ns para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participaci3n do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediaci3n, a imposici3n de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Corresp3ndelle a imposici3n das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado

3.5 3rganos de coordinaci3n docente

Ser3n responsables de incorporar, no seu 3mbito competencial, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia.

A s3a funci3n principal ser3 a de detectar e comunicar 3 Comisi3n de Convivencia ou ao Equipo Directivo a informaci3n que poida obter no exercicio das s3as funci3ns e que estea relacionada coa convivencia e se observe relevante, así como facer propostas neste asunto.

3.6 Coordinaci3n do Centro con familias e instituci3ns.

O Plan ter3 a suficiente difusi3n como para garantir que as familias dos menores o coñezan. Estar3 publicado na p3xina web do CIEFP.

Capítulo II. Parte Dispositiva

4. An3lise da Situaci3n

4.1 Ferramentas utilizadas no Diagn3stico do Clima de convivencia:

A diagnose do centro f3xose base3ndose na **observaci3n directa** do comportamento e clima da comunidade escolar, así como na indirecta, a trav3s da an3lise das **enquisas** elaboradas pola comisi3n para este fin, e de **sociogramas** (na FPB), da an3lise das **faltas de orde** (informes do DIOP) e tam3n da an3lise das **SQR**.

4.2 An3lise da situaci3n

- Contorno socio-econ3mico:

A sociedade aumentou considerablemente a s3a complexidade social e transformou os seus valores que apuntan 3 consecuci3n de 3xito e poder materiais, por encima de obxectivos e intereses de grupo, interpersoais e solidarios.



A familia modificou o rol que desempeñaba na socialización dos seus membros delegando ás veces noutras instancias, como o centro educativo, o ensino do comportamento interpersonal.

A situación de crise económica fai que exista unha porcentaxe do alumnado que se matricule nalgúns ciclos non tanto por vocación senón por ocupar o seu tempo e aumentar a súa formación mentres espera un traballo, o que ás veces afecta á motivación do alumnado e, polo tanto, ao seu comportamento.

- **Características do Centro**

O noso centro, situado en Pontevedra cidade, oferta formación en catro familias de formación profesional: Electricidade e electrónica, Madeira, moble e cortiza, Servizos socioculturais e á comunidade e Transporte e mantemento de vehículos.

Pola súa situación e as súas especialidades ten alumnado non só do concello senón de todos os concellos lindantes; e no caso da formación a distancia, doutras provincias.

- Tamaño: A matrícula do alumnado está en torno aos 1000 alumnos/as. O profesorado arredor de 70, e os PAS arredor de 10.

- Tipos de ensino: o Centro imparte todos os niveis da FP regrada: básica, ciclos medios e superiores; en todos os seus réximes: ordinario e modular, e modalidades: presencial e distancia e como dixemos en catro familias diferentes.

Todo isto fai que as características do noso alumnado sexan do máis heteroxéneo, en canto a idade, procedencia, nivel socio-económico, etc.

As habilidades sociais son esenciais para traballar cos distintos grupos e modalidades de ensino, polo que é necesario garantir a súa formación.

- Horario do Centro: moi amplo de 8:30 a 23:00 horas de forma ininterrompida, o que, en certo modo, dificulta a relación entre o colectivo de docentes (a maioría non coinciden no tempo) e a organización de cursos de formación.

- A incorporación da FP Básica (FPB, en diante) é, en sí mesma unha fonte de conflitos, especialmente pola excesiva ratio de alumnado por grupo dado o perfil deste alumnado caracterizado por falta de motivación, atraso escolar xeneralizado e nivel alto de conflictividade. A FPB é un punto esencial que debe ser especialmente tratado neste Plan.

- **Aspectos organizativos e curriculares:**

A dispoñibilidade horaria do profesorado non é suficiente para atender correctamente as funcións relacionadas coa mellora da convivencia e xestión de conflitos. As limitacións do cupo fan imposibles moitas actuacións. Esta é unha das principais reivindicacións do Centro: o profesorado, especialmente dun CFP, require menos carga horaria para cumprir todas as funcións que lle impón a normativa. Por isto é fácil non prestar a suficiente atención á convivencia pola carga horaria e porque o seu tratamento é transversal.

Detectouse que inflúen na convivencia a fixación dos horarios do profesorado, o uso compartido das aulas, o solapamento das ACF coas actividades lectivas, os problemas de comunicación nos períodos de matriculación.

Obsérvase tamén que non hai criterios claros e, polo tanto, non hai uniformidade nos criterios da aplicación das normas de convivencia, porque de momento estase funcionando coas normas herdadas dos IES.



A inexistencia dunha hora de titoría presencial co alumnado nos Ciclos de Formación Profesional dificulta o tratamento da convivencia nas titorías.

Un dos maiores problemas de organización é o relacionado coa FP Básica.

A nivel curricular detéctase unha importante falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas e problemas na comunicación, especialmente significativa no alumnado da FP Básica. A transversalidade no tratamento da comunicación e da adquisición destas habilidades detéctase claramente insuficiente.

Tamén se detectan necesidades formativas neste sentido do profesorado.

- Participación e relacións da comunidade educativa

Alumnado

A participación do alumnado na vida do Centro, fóra das súas actividades lectivas é moi escasa. Mesmo é escasa nas actividades organizadas relacionadas coa súa formación: ACF, actividades de emprendemento, participación en concursos, etc.

Unha das causas é que é difícil percibir un obxectivo común entre alumnado de familias profesionais tan diferentes e nun Centro cuns horarios moi amplos onde non coinciden.

Aínda que desde o Centro se impulsou a creación da Xunta de Delegados/as (non regulada para os CIFP), a súa actividade é máis ben escasa.

É importante deixar claros os canles de comunicación do alumnado co Centro nesta materia e dar publicidade ao buzón de SQR a través dos titores/as.

Profesorado

Boa participación do profesorado na elaboración consensuada de documentos do Centro, a través de Comisións.

Dificultades na relación de parte do profesorado coa Dirección

Pais e Nais dos menores de idade.:

A súa participación é clave, principalmente na FPB, na continuidade das medidas propostas polo Centro relacionadas coa mellora da conduta dos seus fillos/as, aínda que en ocasións puntuais desautorizan ao profesorado diante deles/as.

PAS:

Os escasos problemas soen xurdir durante o período de admisión e matrícula por defectos na transmisión da información.

- Conflitividade

A análise da convivencia faise principalmente a través da observación directa, da información suministrada polos órganos de coordinación docente, especialmente os titores/as, da análise dos partes de conduta e das enquisas de convivencia.

Principais problemas detectados nas enquisas ao alumnado e ao profesorado:

ENQUISAS DO PROFESORADO DO CIFP A XUNQUEIRA:

En canto a conflitividade detectada:

O 80% do profesorado considera que os problemas de disciplina no Centro son pouco frecuentes e, cando se producen, non son considerados graves.



As 3 principais causas de conflitividade para o profesorado son, nesta orde: carencia de HHSS do alumnado (37% do profesorado), excesivo número de alumnado nas aulas (25%), pouca claridade das normas de convivencia (25%), outras (resto)

En canto aos conflitos que se producen con máis frecuencia, o profesorado considera que son, nesta orde, os que xurden entre o alumnado (38%), entre alumnado e profesorado (25%), entre profesorado e o equipo directivo (22%), entre o profesorado (15%)

Respecto ao lugar onde ocorren a maior parte dos conflitos entre alumnado, un 40,6% sinala que é fóra do recinto escolar, un 28,1% nos corredores, entradas e cambios de clase, e no recreo e na aula, un 15,6% en cada caso.

Considérase que as seguintes situacións prodúcense moito ou bastante a miúdo nestas porcentaxes:

1. Falar cos compañeiros/as (68,8%)
2. Distraccións na clase mentres se explica ou traballa (68,7%)
3. Uso do móbil na aula (50%)
4. Non cumprir as tarefas (37,5%)
5. Atrasos antes de comezar a tarefa (31,3%)
6. Non traer material á clase (28,2%)
7. Agresións verbais ou físicas entre alumnado (15,7%),
8. Faltas de respecto ao profesorado (12,5%)
9. Uso de alcumes para referirse aos compañeiros/as (12,5%)
10. Intimidación e acoso ao alumnado (6,3%)

Hai que ter en conta que as condutas referidas nos apartados 7 a 10, só as marcan o profesorado da FP Básica polo que o seu peso específico sería maior en relación con este alumnado.

11. Consumo de drogas (6,3%) Esta detéctase só entre alumnado de Ciclos Medios e Superiores.
12. Danos en material (6,3%)

En canto á resolución dos conflitos:

As medidas adoptados polo profesorado frecuentemente ou sempre/case sempre son:

1. Falar co alumnado aparte fano, un 75% do profesorado
2. Pedindo colaboración na clase, un 60%.
3. Chamándolle a atención, pero sen sancionalo, un 36%
4. Cambiando ao alumno/a de sitio, un 9,4%
5. Deixando que o resolan os propios alumnos/as, un 6,3%.
6. Cun parte de disciplina/expulsando e mandando á Dirección, un 3,1%
7. Ignorando o feito, un 0%.
8. Poñendo unha sanción, un 0%.

Respecto á valoración dos procedementos de resolución de conflitos:

Un 60% do profesorado percibe o proceso disciplinario como longo e complexo.

Un 75% considera que a Mediación é unha solución válida para resolver os conflitos, aínda que un 13% non sabe o que é.

ENQUISAS DO ALUMNADO:

En canto a como perciben a súa relación co profesorado:

Un 62% considera que a súa relación coa maioría do profesorado é boa, mesmo un 54% considera que hai un profesor/a en especial co que pode contar, esta porcentaxe está avalada porque un 46,5% cre que só algúns profesores/as dan a cara polo seus alumnos/as, mentres que un 27,5% cree que estes/as son a maioría.

Un 70% sinala que son tratados polo profesorado con respecto, sempre ou na maioría das veces, mentres que un 88% deles consideran que tratan con respecto ao profesorado.

Un 81,7% percibe a súa relación co seu titor/a como boa ou moi boa.

En canto ás relacións cos iguais:

Un 92% di que conta con bos compañeiros/as.

En relación cos distintos membros da comunidade educativa:

Un 57% considera boas e moi boas a relación co equipo directivo. Un 70% considera igualmente as relacións alumnado-profesorado. Na relación cos PAS un 76% di que son boas ou moi boas.

Entre o alumnado consideran as relacións boas ou moi boas un 81%.

En canto á información que ofrecen os partes de conduta pode verse na análise dos informes realizados polo DIOP, pero o máis destacable é que o número de partes dos ciclos medios e superiores é moi pouco representativo en relación co número acumulado pola FPB que no curso 2014- 15 chega a 150 partes de conduta.

- Efectividade das actuacións desenvolvidas

Desenvolvéronse distintas actividades relacionadas coa convivencia aínda que, ao non estar elaborado o Plan de Convivencia, non se percibiu a súa relación coa mesma e polo tanto non se estableceron mecanismos de valoración da efectividade das mesmas na mellora da convivencia.

Detéctase, especialmente no alumnado da FPB, que o comportamento, o clima da clase, as habilidades sociais e os valores, en xeral, son unha materia pendente, que é necesario abordar para conseguir unha educación integral, pero que polas características e número deste alumnado require máis tempo e dedicación por parte do profesorado do que dispoñemos actualmente.

5. Obxectivos Específicos e Actuacións programadas para o seu desenvolvemento

5.1 Obxectivos Específicos

Os obxectivos xerais de actuación son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/15, que podemos resumir en:

- Proporcionar aos órganos de goberno/profesorado: **instrumentos/recursos** para previr a violencia, facilitar a **prevención/detección/tratamento** dos **conflitos** (impulsando no seu tratamento a mediación) e de calquera manifestación de **violencia** (especialmente, acoso escolar, violencia xénero, xenofobia e racismo)
- Favorecer a **adquisición de Competencias básicas sociais** que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade.
- **Concienciar/Sensibilizar** á comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia pacífica.
- **Fomentar a participación** de toda a comunidade educativa na convivencia e establecer/incrementar as relacións coas entidades do entorno para a mellora de convivencia.

Da análise do clima de convivencia realizada no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Cremos que, en principio, debemos centrarnos en catro liñas básicas: sensibilizar, formar e proporcionar instrumentos e materiais, e garantir a participación.

Así os nosos **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** para o período 2016-20 son:

1º **Sensibilizar** a toda a comunidade educativa na importancia dun adecuado clima de convivencia e da responsabilidade de cada un na creación dun clima de convivencia pacífico.

2º Traballar na consecución das condicións necesarias para garantir a construción dun clima de convivencia adecuado e asegurar a **participación** nisto de toda a comunidade educativa, creando os canles de comunicación e coordinación adecuados.

Dentro deste obxectivo haberá outro específico que será **fomentar a mediación** (creación dun Equipo de Mediación e Tratamento de Conflitos, EMTC) no Centro como vía de resolución dos conflitos, xa que é a única vía que xestiona o conflito garantindo a total participación dos afectados.

3º Proporcionar ou facilitar o acceso á **formación** dos membros da comunidade educativa na adquisición das habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito ou controlalo cando se produza.

4º **Dotar de instrumentos** para facilitar a comunicación de calquera conflito ou situación de violencia, e elaborar **materiais** para traballar a adquisición das habilidades sociais básicas e elaborar **protocolos** para facilitar o labor do profesorado neste tema.

5.2 Actuacións, Medidas ou Programas

- ACTUACIÓNs:

1. ACTUACIÓNs ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN:

Están relacionadas cos obxectivos específicos 2 e 3, de participación/coordiación, as actuacións de organización, e de formación, as curriculares.

ORGANIZATIVAS

- Creación dun Equipo de Mediación

- Oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna)

- Disponibilidade horaria para as actuacións de convivencia:

A análise da convivencia, a adopción de medidas e a comprobación das mesmas é unha actividade que hai que realizar cada ano e require moito tempo. Na hora de facer as plantillas hai que ter en conta estas necesidades e asignar horas ao profesorado que teña funcións asignadas neste sentido.

- Fixación de horarios de ocupación das aulas, especialmente nas de uso compartido, como xa existe para o salón de actos.

- Elaboración dun calendario para as ACF, evitando solapamentos e informando da temporalización prevista.

- Elaboración e divulgación de información sobre matrículas, admisión, etc.

- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración de protocolos para facilitar e guiar na súa forma de actuación.

- Proponse tratar nas reunións dos equipos docentes estes temas para chegar a acordos, detéctase que hai diversidade de criterios na aplicación da normativa de convivencia entre profesorado pertencente ao mesmo equipo.

- Coordinación na FP Básica

CURRICULARES

- Solicitud de introdución no currículo de todos os Ciclos un módulo de HHSS:

Detéctase a falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas e problemas na comunicación, especialmente significativa no alumnado da FP Básica. Proponse crear actividades específicas para traballar nas titorías, especialmente nas da FPB, e pedir á Consellería a introdución en todos os Ciclos un módulo semellante ao desaparecido RET (Relacións no contorno de traballo)

A transversalidade no tratamento da comunicación detéctase claramente insuficiente.

- Implicación dos titores e titoras no tratamento da convivencia nas titorías.

A falta dunha hora de titoría presencial co alumnado dificulta o tratamento da convivencia co grupo, polo que se propón a solicitude á Consellería da hora de titoría presencial nos ciclos de formación profesional.

2. ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A PARTICIPACIÓN:

Relacionadas co obxectivo 2, garantir a participación de toda a comunidade na creación do clima de convivencia adecuado.

Alumnado:

Participación na concreción das normas de convivencia e análise das mesmas na aula. Para isto creouse a Xunta de Delegados e Delegadas no NOF pero deberá potenciarse as súas funcións.

Neste punto, nas enquisas do alumnado amosan nun 32% que, a maioría das veces, tense en conta a súa opinión ante un problema. Nun 37%, ás veces si e outras non.

Actividades que promovan a relación entre alumnado dos diferentes Ciclos: Magosto, Entroido, Semana da igualdade, Semana da convivencia, etc.

En xeral detéctase unha escasa participación nas actividades propostas no Centro: emprendemento, orientación, ...

Divulgación do buzón de SQR como instrumento que tamén serve para notificar problemas de convivencia, e o titor/a como vía de comunicación.

3. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN CONVIVENCIA:

O Centro propondrá actividades formativas no seu Plan de formación interna.

Elaboración de materias formativos para o alumnado.

4. ACTUACIÓNS DE DIVULGACIÓN:

Para alcanzar o obxectivo 1º de sensibilización da comunidade escolar.

- Elaboración de presentacións para expoñer na TV do Centro sobre conflito, acoso, ...
- Campañas de divulgación e coñecemento do Plan de convivencia
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, etc.

5. ELABORACIÓN DE MATERIAIS DE TRABAJO E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN:

Para a consecución do obxectivo 3º de formación e relacionados, tamén co obxectivo 4º, de facilitar instrumentos, materiais e protocolos de traballo.

- Vixiar especialmente o cumprimento do protocolo de acollemento do novo alumnado, e deseñar actividades de acollida, dinámicas de grupo, para facilitar a integración de todo o alumnado. Estas actividades colgaranse na páxina web do Centro, a disposición de calquera profesor/a que queira utilízalas.
- Deseñar un protocolo para elaborar as normas de clase, para facilitar ao profesorado a utilización deste instrumento que permite a participación e implicación do alumnado na elaboración das concretas normas de convivencia da aula, o que está demostrado que redunda nun maior cumprimento das mesmas.
- Deseñar/elaborar materiais para traballar nas titorías a xestión do conflito e a adquisición de habilidades básicas.

- MEDIDAS OU PROGRAMAS:

Onde máis debemos incidir é na adopción de medidas de carácter preventivo. Das anteriores podemos destacar as seguintes:

- Publicitar dereitos e deberes e normas de convivencia e garantir o seu coñecemento.
- Definir normas consensuadas e claras de aula e definir claramente as consecuencias do incumprimento das mesmas.
- Revisar e actualizar periódicamente o Plan.
- Realizar a nivel de centro actividades de educación en igualdade, contra a violencia, acoso, etc
- Traballar na titoría actividades que traten valores curriculares como tolerancia, respecto mutuo, diálogo, ...
- Creación dun Equipo de Mediación
- Implicar ao alumnado e dar fluidez aos cauces de información entre eles, titores/as, equipos.
- Programa de formación do profesorado que oferte formación interna nesta materia.
- Elaboración de Protocolos:
 - **Protocolo de acollida e integración do novo alumnado** con actividades de dinámica de grupos.
 - **Protocolo a seguir na detección do incumprimento das normas de convivencia**
 - **Protocolo a seguir na detección da conflitividade e derivar os conflitos coñecidos** para o seu correcto tratamento.
 - **Protocolo para a elaboración das normas de convivencia de aula.**
 - **Protocolo de actuación ante o acoso escolar.**
 - **Protocolos de comunicación as familias das faltas de asistencia do alumnado menor de idade ás clases.**
 -

6. Protocolo ante o Acoso Escolar

Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia (pode consultarse no seguinte enlace https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevencion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf)

Criterios de identificación de acoso escolar	
Intención de hacer dano	Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que fai dano conscientemente
Repetición das condutas agresivas	Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente.
Duración no tempo e abuso de poder	Hai desequilibrio e abuso de poder, con situación de indefensión para a vítima.

Tipos de acoso escolar		
Exclusión e marxinação social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agachar, romper ou roubar cousas
Maltrato mixto	Ameazas/Chantaxe	Ameazar para meter medo Ameazar con armas Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe)
Acoso sexual físico (actos)		
Acoso sexual verbal (comentarios)		
Ciberacoso	<i>Fustrigamento:</i> envío de imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes	
	<i>Exclusión:</i> usar contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, negar o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima	
	<i>Manipulación:</i> difundir información de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, acceder coa clave doutra persoa e realizar accións que poden prexudicala no seu nome...	

6.1 Prevención

Estratexias de prevención de acoso escolar:

- Difusión á Comunidade Educativa do Plan de Convivencia, das normas de convivencia e dos dereitos e deberes.
- Campañas divulgativas sobre acoso escolar e a súa prevención.


- Desenvolvemento de programas e actividades complementarias á formación a nivel Centro, Departamentos e Ciclos que promovan a educación en valores e a convivencia: promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, promoción da tolerancia, solidariedade, respecto á diversidade,...
- Organización de charlas e obradoiros para a Comunidade Educativa sobre acoso escolar e ciberacoso (Entre outras, as establecidas dentro do Plan Director para a mellora da convivencia escolar: Acoso escolar e uso seguro de internet)
- Formación do profesorado en resolución de conflitos.
- Posta en marcha do programa de Mediación Escolar
- Deseño e desenvolvemento de actividades titoriais que favorezan a integración, o traballo en equipo, as habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos, con especial incidencia na Formación Profesional Básica.


6.2 Detección

- Campañas divulgativas sobre a detección (indicadores)
- Habilitar unha canle para a comunicación das situacións de acoso escolar: buzón de SQR, correo electrónico de solicitude axuda
- Detección nas reunións de equipo docente e sesións de avaliación.
- Detección nas entrevistas con familias ou alumnado
- A través da vixilancia das zonas comúns (no caso da FP Básica)
- Aplicación e valoración de test sociométricos, principalmente nos grupos de FP Básica.

6.3 Tratamento

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACOSO ESCOLAR – ESQUEMA





Ante situacións de ciberacoso, seguirase o protocolo xeral, pero tendo en conta as particularidades deste tipo de acoso, recollidas no punto 5.d do Protocolo da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Na designación pola Dirección do profesorado de atención e apoio á presunta vítima procurarase que sexa unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, así como que conte con formación específica neste senso.

No caso de ciberacoso o profesor/a responsable de tramitar o protocolo deberá contar con coñecementos no uso das TICs.

Vías de formación para o profesorado responsable de atención e apoio á presunta vítimas e de profesorado responsable de tramitar protocolos de acoso escolar:

Organizaranse no Centro cursos e seminarios de **formación** en relación coa mellora da convivencia escolar, que inclúan accións formativas específicas sobre coñecemento, **detección e actuacións ante acoso escolar**.

7. Normas de Convivencia

7.1 Normas de convivencia do Centro

Neste apartado recóllese a mesma redacción que a que aparece no NOF do Centro no Título V: das normas de convivencia e réxime disciplinario.

SOBRE A VESTIMENTA

AULAS TÉCNICAS o TALLERES: Levar os Equipos de Protección Individual (EPIs) establecidos como obrigatorios polos Departamentos de cada familia profesional, de non levarlos o alumno non poderá realizar as prácticas onde sexa requerido o seu uso.

AULAS: Utilizar unha vestimenta adecuada nas clases que sexa respectuosa coa actividade desenvolvida e garanta as condicións de hixiene adecuadas.

De non cumprir o anterior non se permitirá a entrada na aula/taller.

Co motivo de identificación e de respecto á actividade de aula, o alumnado levará a cabeza descuberta dentro das clases, salvo en caso de enfermidade ou malestar físico.

As **normas ao respecto de cada departamento** recolleranse nas respectivas programacións e poden consultarse a través dos seguintes enlaces.

[Electricidade e Electrónica](#)

[Madeira, moble e cortiza](#)

[Servizos Socioculturais e á comunidade](#)

[Transporte e mantemento de vehículos](#)

COMPORTEAMENTO NO CENTRO:

E óbrigatorio respectar no trato a todos os membros da comunidade educativa.

Facer un uso adecuado da linguaxe en función das situacións nas que se atope.

Non utilizar unha linguaxe sexista nen discriminatoria.

A reiteración de tacos e palabras malsoantes na clase considerarase conduta contraria ás normas. O profesorado poderá abrir un parte de falta de orde.

Nas clases non interromper o seu normal desenvolvemento, utilizar a linguaxe adecuada, e manter unha postura corporal respectuosa.



Puntualidade: Todos os membros da comunidade educativa serán puntuais para aproveitar o tempo efectivo das clases e outras obrigas. O alumnado que chegue tarde incorporárase ao grupo quedando consignado o atraso no parte de faltas.

Considérase falta de puntualidade o atraso na entrada a partir dos dez minutos do inicio da clase.

A reiteración de tres faltas de puntualidade inxustificadas computará como unha falta de asistencia a efectos da perda do dereito á avaliación continua.

O MÓBIL:

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. **Excepcionalmente**, poderá autorizarse a súa utilización como ferramenta pedagóxica, definíndose claramente na aula a forma e condicións de utilización no seu caso.

O profesorado está facultado para requirir o alumnado a entrega de calquera obxecto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, incluído o móbil, tanto dentro do recinto escolar como durante a realización de actividades complementarias fóra do mesmo.

O requirimento obriga á alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será retido, coas debidas garantías, durante o resto da clase ou xornada, no seu caso. Quedará a disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se fose maior de 18 anos, unha vez rematada a clase ou xornada escolar ou a actividade complementaria, segundo o caso, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que puidesen corresponder.

Se o alumno/a se nega a entregalo poderase abrir un parte de falte de orde.

USO DAS INSTALACIÓNS e EQUIPAMENTO:

TALLERES: O alumnado respectará as normas de uso (vestimenta, materiais, etc) fixadas por cada Departamento didáctico.

As cuestións específicas de cada departamento remitiranse o proposto nas respectivas programacións do mesmo.

Só poderá saír do recinto escolar durante os períodos de lecer o alumnado maior de idade. O alumnado menor de idade só poderá abandonar o Centro durante a xornada escolar, ben previa autorización escrita dos pais/nais/titores legais ou ben acompañados por estes ou polas persoas nas que estes deleguen. As consecuencias do incumprimento desta norma serán de exclusiva responsabilidade do alumno/a e dos seus pais, nais ou titores legais

USO: Debe facerse un uso adecuado das instalacións.

Nos períodos de lecer é obrigatorio deixar as instalacións e equipamentos segundo as instrucións do profesorado.

Orde e limpeza e aforro enerxético: ao finalizar a clase é importante recoller todo o material e apagar as luces e os equipos, salvo que o profesor/a indique o contrario, para que na seguinte clase o posto de traballo esté ordeado e limpo. En todo caso, é obrigatorio coidar a limpeza da aula, así como velar polo aforro enerxético.

O alumnado debe ser respectuoso co seu entorno, mantendo a orde e limpeza, utilizando os medios establecidos en cada caso: papeleiras, contenedores, etc, ...

O alumno deberá facerse cargo do coidado das súas pertenzas.

De non seguir estas normas considerarase falta de orde. No caso de que ademáis o incumprimento, intencionado ou por negligencia, cause un dano, o alumnado está obrigado a reparalo.

APARCADOIRO

Uso exclusivo do profesorado, PAS, persoal de servizos e persoas con autorización do equipo directivo, e alumnado con autorización do profesorado cando se realicen traballos sobre os seus propios vehículos.

O incumprimento considérase como una falta de orde.

CAMBIOS DE CLASE e Períodos de lecer:

Nos cambios de clase o alumnado abandonará as aulas, salvo que se estableza o contrario nas normas de cada departamento.

As **normas específicas de cada departamento** están recollidas nas respectivas programacións e poden consultarse a través dos seguintes enlaces.

[Electricidade e Electrónica](#)

[Madeira, moble e cortiza](#)

[Servizos Socioculturais e á comunidade](#)

[Transporte e mantemento de vehículos](#)

Só poderá saír do recinto escolar durante os períodos de lecer o alumnado maior de idade. O alumnado menor de idade só poderá abandonar o Centro durante a xornada escolar, ben previa autorización escrita dos pais/nais/titores legais ou ben acompañados por estes ou polas persoas nas que estes deleguen. As consecuencias do incumprimento desta norma serán de exclusiva responsabilidade do alumno/a e dos seus pais, nais ou titores legais.

7.2 Condutas contrarias á convivencia.

As anteriores condutas descritas poderán ser cualificadas como leves ou graves, conforme o Decreto (artigo 42 ou 38), e segundo o caso, levarán aparelladas unhas ou outras medidas de corrección, establecéndose en cada caso a persoa responsable da súa adopción.



<p>TIPIFICACIÓN das Conductas contrarias á Convivencia</p>	<p>MEDIDAS Educativas de Corrección</p>	<p>RESPONSABLES da aplicación das medidas correctoras</p>
<p>LEVES (art. 42 Decreto 8/15) PRESCRIPCIÓN: AO MES da súa comisión</p>	<p>Art.43</p>	<p>Art. 44</p>
<p>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 38 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 38.</p> <p>c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.</p>	<p>a) Amoestación privada ou por escrito. (P/T/XE)</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados. (P/T)</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo. (P/T/XE)</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. (T/XE)</p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (XE)</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. (XE)</p> <p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (DIRECTOR)</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (DIRECTOR)</p>	<p>PROFESOR, pode adoptar as medidas: a, b, c. (Oído alumno/a, e informando a Xefatura de Estudos)</p> <p>TITOR: a, b, c, d. (Oído alumno/a, e informando a Xefatura de Estudos)</p> <p>XEFE ESTUDOS: a, c, d, e, f (Oído alumno/a, profesor ou titor)</p> <p>DIRECTOR: g, h Oído alumno e profesor/titor +</p> <p>Comunicación, previa a facela efectiva, a: Pais/titores legais do alumno +</p> <p>Comisión Convivencia</p>

<p>GRAVES (art. 38 Decreto 8/15) PRESCRIPCIÓN: AOS 4 MESES da súa comisión</p>	<p>Art.39</p>	<p>Art.41</p>
<p>Art. 38.1</p> <p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.</p> <p>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> <p>h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter</p>	<p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>f) Cambio de centro (art. 40)</p>	<p>A DIRECCIÓN, por proposta do instructor/a.</p> <p>Se a Dirección observa un cambio positivo de conduta/actitude, pode permitir a reincorporación ás clases/Centro (sen ter que cumprir todo o tempo de suspensión), deixando constancia por escrito no expediente das causas ou motivos.</p>

<p>complementario e extraescolar.</p> <p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p> <p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.*</p> <p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p>		
<p>Art. 38.2:</p> <p>Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.</p>	<p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>f) Cambio de centro (art. 40) *</p>	

*Art. 11.3 Lei Convivencia 4/2011:

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

* Art. 40 *A proposta de cambio de centro:*

-Terá carácter excepcional

-A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

-Cando a persoa instrutora propoña esta medida, a Dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos anteriores e, logo da comprobación, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente.

-É necesaria a autorización da xefatura territorial (logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro). No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

7.3 Protocolo de actuación ante faltas de conduta.

O profesor/a valorará a necesidade ou non de abrir unha falta de orde en cada caso, reservándoas só para as situacións que realmente o requiran.

Cando considere que a conduta é unha falta de orde, cubrirá o parte correspondente, e si é necesario para continuar o desenvolvemento normal das clases, poderá pedir ao alumno/a que abandone a aula e envarao á biblioteca con traballo.

O/a delegado/a de clase acompañará ao alumno/a expulsado ante o profesorado de garda, comunicándolle que ese alumno/a está expulsado nesa hora e que deberá permanecer na biblioteca realizando o traballo marcado polo profesor/a. De non haber profesorado de garda na biblioteca o alumno/a quedará baixo a supervisión do Equipo Directivo.

No caso de que o alumno/a estivese especialmente alterado/a o profesorado de garda comunicará ao equipo directivo aos efectos oportunos. A calificación dunha falta como leve ou grave será acordada polos responsables en cada momento. Estes efectos, considérase a reiteración das faltas como un criterio para determinar o carácter grave ou leve da mesma. Así, a quinta falta leve considérase automaticamente falta grave.

Actualízase o protocolo de actuación ante as faltas de orde, co fin de simplificalo. Pode consultarse no seguinte [enlace](#) o no cadro que aparece máis abaixo.



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE FALTAS DE CONDUCTA

	Medida correctora	Responsable	Actuacións	Registro
1ª falta leve	Amonestación privada	Profesor/a	Diálogo privado co alumno/a	Cubre o Informe de FO (no apdo. correspondente)
			Informa ao titor/a	
		Titor/a	Informa á familia	Cubre o Informe de FO (no apdo. correspondente) Arquiva falta (garda o informe)
2ª falta leve	Procédese igual que na 1ª falta leve			
3ª Falta leve	Comparecencia ante o Xefe de Estudos	Profesor/a	Procédese igual que na 1ª e a 2ª falta leve.	
		Titor/a	Procédese igual que na 1ª e a 2ª falta leve, e ademais:	
			▪ Informa á Xefatura de estudos (Titor/a e XE acordan a sanción)	Entrega copia do Informe de FO a XE
	Y		▪ Diálogo privado co alumno e co grupo, se procede	
			▪ Arquiva	▪ Arquiva
	Algunha ou varias das seguintes medidas: - Traballo fóra do horario lectivo - Suspensión do dereito de asistencia ao centro (ata 3 días) - Outras (*)	Xefe de estudos / Director		▪ Diálogo privado co alumno e co grupo, se procede (do titor/a e da XE)
			▪ Sanciona (de acordo co titor)	Cubre o Informe de FO (no apdo. correspondente)
			▪ Cubre o modelo e Arquiva	▪ Arquiva
			▪ Informa á familia e á Comisión de convivencia	Modelo comunicación FO familia
4ª falta leve	Comparecencia ante o Xefe de Estudos	Profesor/a	Procédese igual que na 3ª falta leve	
	Y	Titor/a		
	Suspensión do dereito de asistencia ao centro ata 3 días OU Outras (*)	Xefe de estudos / Director		
		Xefa do DIOP	Programa de intervención	
5ª falta leve =	Falta grave	DIRECTOR	Procedemento conciliado	Procedemento conciliado
			Procedemento común	Procedemento común

(*) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases

(*) Suspensión do dereito de asistencia a actividades complementarias

O profesor/a valorará a necesidade ou non de abrir unha falta de orde en cada caso, reservandoas só para as situacións que realmente o requiran.

Cando considere que a conducta é unha falta de orde, cubrirá o parte correspondente, e si é necesario para continuar o desenvolvemento normal das clases, poderá pedir ao alumno/a que abandone a aula e enviarao á biblioteca con traballo.

O delegado da clase acompañará ao alumno/a expulsado ante o profesorado de garda, comunicándolle que ese alumno/a está expulsado nesa hora e que deberá permanecer na biblioteca realizando o traballo marcado polo profesor.

No caso de que o alumno/a estivese especialmente alterado/a o profesorado de garda comunicarao ao equipo directivo aos efectos oportunos.

A calificación dunha falta como leve ou grave será acordada polos responsables en cada momento.

A estos efectos, considérase a reiteración das faltas como un criterio para determinar o carácter grave ou leve da mesma. Así, a quinta falta leve considérase automaticamente falta grave.

7.4 Procedemento de Corrección

O énfase estará na prevención das condutas contrarias a convivencia. No caso de que se produzan, as medidas correctoras terán carácter educativo e recuperador.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

A corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado e común, elixiéndose un ou outro en función das características concretas da conduta que se vai a corrixir. **Será a Dirección do Centro a que de decida cal se vai seguir en cada caso**, logo da recollida da necesaria información, **xa que para poder aplicarse o procedemento conciliado téñen que darse unha serie de requisitos**.

A Dirección encomendará a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña bo **coñecemento do centro** e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña **experiencia ou formación en convivencia escolar**, mediación e resolución de conflitos.

Para a designación do instrutor/a a Dirección seguirá os seguintes criterios:

1. Terase só en conta profesorado do Claustro, excluído á Dirección, Orientación e profesorado que imparte docencia no grupo, profesorado substituto e os/as directamente afectados/as.
2. No primeiro Claustro do curso a Dirección preguntará se hai profesorado con formación ou experiencia en resolución de conflitos/convivencia/mediación que voluntariamente queira instruír os procedementos que xurdan. No caso de existir varios voluntarios sortearase a orde da intervención.
3. Esgotados os anteriores ou no caso de non haber profesorado voluntario, o procedemento farase por sorteo e de forma rotatoria.

O desenvolvemento dos procedementos correctores de condutas contrarias ás normas recóllese de xeito esquemático no [mapa que se anexa](#) a este documento.

- Procedemento Común

O procedemento común utilizarase cando a alumna ou alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais, opten por el ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

Require da instrución dun procedemento corrector, que se desenvolverá segundo o recollido no Decreto 8/2015 e se resume no [mapa anexo](#).

- Procedemento Conciliado

REQUISITOS PARA PODER APLICAR O PROCEDEMENTO CONCILIADO

O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

Nestes casos será necesario seguir o procedemento común.

As actuacións iniciais serán as mesmas en calquera caso, e serán as necesarias para determinar o procedemento a seguir.

RESUMO DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN REALIZAR NO PROCEDEMENTO (ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN)

ACTUACIÓNS INICIAIS	PRAZO	
O/a director/a, se o considera necesario, poderá acordar a apertura de recollida de información previa.	2 días lectivos¹	PRAZO MÁXIMO DE 12 DÍAS NOTA: no cómputo do prazo máximo terase
O/a director/a ten coñecemento dos feitos, determina o tipo de procedemento corrector, designa a persoa instrutora e notifícalles por escrito ao/á alumno/a e á súa familia (cando sexa menor de idade).	3 días lectivos²	
O/a director/a pode adoptar medidas provisionais de urxencia.		

O/a director/a informa do inicio do procedemento ao correspondente Servizo da Inspección Educativa.		
PROCEDEMENTO CONCILIADO DE CORRECCIÓN		
Proposta do/a director/a ao/á alumno/a e á súa familia.		
Aceptación do/a alumno/ e da súa familia.		1 día lectivo
Reunión de conciliación para corrixir as condutas.		
Acordo e execución das medidas adoptadas ou non conformidade con estas.		
Inicio do procedemento corrector común, se non hai acordo.		
PROCEDEMENTO COMÚN DE CORRECCIÓN		
Incoación do procedemento disciplinario.		
Instrución (Incluirase a recollida de información realizada previamente, trámite de audiencia ao/á alumno/a e á súa familia cando sexa menor de idade).		5 días lectivos
Resolución do/a director/a logo de recibir a proposta do instrutor e notificación desta ao/á alumno/a e á súa familia.		1 día lectivo
Notificación da resolución ao correspondente servizo da Inspección Educativa.		
REVISIÓN DA RESOLUCIÓN		
Ante o Consello Escolar do centro público/concertado.		10 días lectivos
Resolución do Consello Escolar do centro público/concertado.		

¹ e ² Estes prazos de 2 + 3 días lectivos computaranse dende que se tivo coñecemento dos feitos e, polo tanto, da conduta merecedora de corrección. Poderá variar o tempo dedicado a cada unha destas actuacións previas, pero o cómputo total non poderá superar o total dos 5 días lectivos, para reservar o restante prazo para os restantes procedementos e resolucións.

O Equipo directivo do centro réunese semanalmente os martes de 10:30 a 11:30 h para tratar os asuntos que xurden no día a día no Centro e velar polo cumprimento dos obxectivos programados en cada área.

8. Difusión do Plan

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa para o cal se realizarán as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina Web do Centro con posibilidade de descarga.
- Habilitar na Web un apartado de opinión, suxestións, etc. que favorezan a mellora da convivencia, para cada un dos sectores

Alumnado

- Dedicarse unha ou varias sesións de titoría a dar coñecemento do Plan de Convivencia, nos aspectos que máis lles afecten.
- As normas de clase, así como os dereitos e deberes do alumnado estarán expostos no taboleiro de anuncios das clases.

Profesorado

- Entregarase un exemplar do Plan de Convivencia aos Xefes de Departamento.

9. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.

9.1 Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unha **addenda anual** ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e incorporárala ao Plan anual.

Conforme á normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia o por proposta de polo menos unha terceira parte dos seus membros.

Na addenda anual concretarase o calendario de reunións, establecendo, de ser necesario, un número de reunións superior ao mínimo de tres anuais.

Nestas reunións valorará o grao de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Dúas veces ao ano terá que dar contas ao Consello Social.

Ao finalizar o curso elaborará unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro que deberá aprobar a memoria, e, posteriormente, ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

Esta memoria formará parte da memoria anual do centro

9.2 Propostas de Mellora.

A memoria recollerá todas as propostas de mellora para analizar no curso seguinte.

Na addenda anual incorporaranse as propostas de mellora e revisarase o Plan.